

SEPE

Concursos de traslados

13/11/2025

As bases dos dous concursos de traslados para cubrir os postos da **Unidade de Apoio** de Ferrol foron enviadas a Función Pública para que dera a súa aprobación. En canto reciban a autorización volverán ao Ministerio e este os enviará ao BOE.

Temos que celebrar que o **escrito** que enviou a **CIG á Ministra de Traballo, Yolanda Díaz**, solicitando a **valoración das linguas cooficiais** nese concurso foi **aceptado** e o SEPE, a instancia do Secretario de Estado, **incluíu a valoración das linguas cooficiais**.

En canto ao **concurso xeral de postos** base están pendentes de rematar o borrador e logo o enviarán á representación sindical para que aporte as súas alegacións. Vaise tramitar a través da aplicación SIGP.